

CONCELLO DE NARÓN

AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA ORDENANZA DENOMINADA: Ordenanza reguladora da xestión de biomasa e das actividades forestais no termino municipal de Narón

OBJECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

NORMATIVA:

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma: **Ordenanza reguladora da xestión de biomasa e das actividades forestais no termo municipal de Narón.**

Coa súa promulgación preténdese adaptar a ordenanza municipal actualmente en vigor á normativa autonómica en materia de prevención de incendios forestais e de montes.

Resulta oportuno e necesario contar con esta regulación en aras a dar cumprimento ao mandato legal establecido nesas normas de regular a xestión da biomasa nos solos de competencia municipal (solo urbano,

solo urbanizable e solo de núcleo rural), así como actualizar a ordenanza en vigor publicada o 3 de xuño de 2000.

Son obxectivos da disposición establecer os criterios de xestión de biomasa nos solos de competencia municipal así como regular nestes solos tanto as repoboacións como as plantacións existentes. É tamén obxecto desta ordenanza a conservación dos camiños e vías rurais, con motivo da execución de talas e cortas de madeira, así como a protección dos viais de acceso e demais infraestruturas anexas aos lugares da tala mediante a regulación das actividades forestais; estimándose a aprobación desta norma como unha correcta e imprescindible solución regulatoria a fin de acadar os obxectivos previstos desde a óptica da menor intervención na esfera dos dereitos da cidadanía, destinataria última do actuar desta administración.

Sométese pois ao trámite de audiencia e información pública; sen prexuízo do seu sometemento novamente ao trámite de alegacións, unha vez resulte aprobada inicialmente pola Corporación e publicado ese trámite no boletín oficial da provincia.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 29 de xuño de 2018.